



## **BASES DA TARXETA MERCA EN MELIDE**

### **OBXECTO**

A Tarxeta intégranse na Campaña de Nadal en apoio do tecido social e económico do Concello de Melide.

O obxecto desta convocatoria é reactivar os sectores comercial e hostaleiro de Melide incentivando a compra de proximidade para a superación dos efectos económicos negativos derivados da pandemia provocada pola COVID-19.

Xunto á aprobación do paquete de axudas do PEL-Reactiva, a Concellería de Promoción Económica e Facenda do Concello de Melide en colaboracións con ASETEM pon en marcha unha iniciativa consistente na emisión de Tarxetas para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da Vila, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

As bases reguladoras da iniciativa Tarxeta MERCA EN MELIDE son as seguintes:



## **PRIMEIRA. CONTÍA DA TARXETA**

A cantidade de bonos será de 750 unidades, por un valor de 50 € cada un.

O custo de adquisición para os cidadáns será de 30 euros, asumindo o Concello unha cantidade equivalente de 20 euros por bonos.

O importe de cada bono deberá gastarse nun único establecemento comercial ou de hostalaría.

## **SEGUNDA. DURACIÓN**

O prazo para gastar as Tarxetas MERCA EN MELIDE desta primeira emisión, será do 4 de decembro de 2020 ao 5 de xaneiro de 2021 inclusive.

## **TERCEIRA. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA**

Os establecementos localizados no Concello de Melide, interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados na BASE QUINTA o documento de adhesión á campaña TARXETA MERCA EN MELIDE que estará a súa disposición na web do Concello de Melide e na web de ASETEM.

Posteriormente, serán requiridos para aportar a documentación seguinte:

- Fotocopia do NIF/CIF.
- Certificado do IAE
- Último recibo de autónomos
- Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario.

## **CUARTA. FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DA SOLICITUDE.**

**Forma:** A solicitude de participación presentarase na sede de ASETEM.

**Prazo:** O período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalaría interesados comezará o día 9 de novembro e rematá o 20 de novembro.

Posteriormente, na web do Concello de Melide na web de ASETEM publicárase o listado sectorizado con todos/as os/as participantes nesta campaña para facilitar aos usuarios/as a súa consulta.

## **QUINTA. OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS.**

A empresa adherida comprométese a:

- Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida dende o Concello ou ASETEM.
- Recibir e colocar os materiais informativos da Tarxeta MERCA EN MELIDE nun lugar visible do establecemento. Dito material consistirá:
  - Bases da Iniciativa.
  - Carteis Informativos.
- Facer un uso responsábel da Tarxeta MERCA EN MELIDE evitando o uso fraudulento dos mesmos.

## **SEXTA. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DOS BONOS**

- Un total de 750 Tarxetas MERCA EN MELIDE por un valor individual de 50 €.
- O custo de adquisición da Tarxeta MERCA EN MELIDE para a cidadanía : 30 €
- Aforro: 20 €
- Nº de Bonos-Tarxeta: 750
- Se o importe é inferior ao importe da Tarxeta MERCA EN MELIDE, non se devolverá cambio algún en efectivo.
- As Tarxetas non son cambiabes por diñeiro en efectivo.
- No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un vale polo importe íntegro da compra, non sendo posíbel a devolución de diñeiro en efectivo.
- Número máximo de Tarxetas MERCA EN MELIDE por DNI ou NIE orixinal será de un, é un máximo de dúas Tarxetas por unidade familiar convivinte.
- Deberán presentarse a persoa co seu DNI/NIE orixinal.
- Non poderán adquirirse Tarxetas MERCA EN MELIDE por medio de DNI/NIE de menores de idade.
- Data límite de uso das Tarxetas: 5 de xaneiro de 2021.
- A adquisición da Tarxeta MERCA EN MELIDE realizarase en ASETEM.
- A organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario.



## **SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE TROCO DAS TARXETAS MERCA EN MELIDE POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS.**

Os locais participantes deberán achegar á ASETEM a TARXETA/S MERCA EN MELIDE que recibisen, e o ticket/s ou factura/s das compras correspondentes (sempre de data entre o 4 de decembro e o 5 de xaneiro).

ASETEM procederá ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento, mediante transferencia bancaria, que se realizará ata o 30 de xaneiro de 2021, na conta bancaria facilitada polo establecemento participante.

Non se aboarán Tarxetas falsificados ou que non permitan verificar a súa autenticidade, ou que veñan fora das datas, sen tickets ou facturas, ou que as mesmas non sexan das datas correspondentes.

**O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS E DENEGAR A LIQUIDACIÓN DAS TARXETAS AQUELES COMERCIANTES NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA.**

### ANEXO I

#### MODELO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA TARXETA MERCA EN MELIDE

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF
ENDEREZO	C.P.
LOCALIDADE	PROVINCIA
NOME COMERCIAL	
TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO
TIPO DE EMPRESA	<input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/> PERSOA XURÍDICA
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA	

#### SOLICITA:

Que lle sexa adherido á Campaña Tarxeta MERCA EN MELIDE.

Asinado

Melide , ..... de novembro de 2020.

*De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.*

#### DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA PARA APORTAR:

- Fotocopia do NIF/CIF.
- Certificado do IAE
- Último recibo de autónomos



**ANEXO II**

**DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA.**

D./Dña. \_\_\_\_\_, provisto/a de NIF/NIE nº. \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_ con CIF nº. \_\_\_\_\_, solicitante da adhesión á Campaña Tarxeta MERCA EN MELIDE,

**DECLARA:**

Que o número de conta bancaria onde desexa percibir o aboamento das cantidades correspondentes das Tarxetas da Campaña Tarxeta MERCA EN MELIDE, é a seguinte:

**CONTA BANCARIA**

IBAN	NÚMERO DE CONTA

Xunto coa indicación da dita conta bancaria, achegarase certificado bancario que acredite o número e a titularidade da conta na cal efectuar o ingreso.

Asinado

Melide, ..... de novembro de 2020

*De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.*



### ANEXO III

#### **DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS**

D./Dna. \_\_\_\_\_, provisto/a de NIF/NIE nº. \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_ con CIF nº. \_\_\_\_\_, solicitante da adhesión á campaña da Tarxeta “MERCA EN MELIDE”,

#### DECLARA:

- Que reúne os requisitos para ser partícipe da campaña Tarxeta MERCA EN MELIDE
- Que se compromete a cumprir coas obrigas dos establecementos adheridos/as, singularmente relacionadas na Base Quinta. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO das Bases da Tarxeta MERCA EN MELIDE.

*Asinado*

*Melide , ..... de novembro de 2020*

*De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.*